

AS CAPAS DA CEBOLA

Escribo isto *a posteriori*.

A posteriori.

Despois.

Máis tarde.

Con isto quero dicir que a cousa non queda nese punto final sempre lenitivo; toca volver atrás e intentar mitigar o descontento, unha falta de convencemento máis acusada ca de costume. De modo que regresa a disposición desta mesma mañá, cando me obriguei a rematar sen máis dilacións o traballo presente: sobre o escritorio, arrimado á luz da ventá, o portátil, a cunca de café e as pantasma deses cigarros que me perseguen en soños dende hai unha década. E si, xa sei que isto non é maneira de comezar nada (tampouco un libro tirando a *estraño*, nin sequera iso.)

Así e todo, sinto a necesidade de explicar o que vén a continuación, pois a propia inercia do texto —ou iso penso— decidiu soterrar cada vez máis profundamente o suceso, a historia “central”, o pretexto (unha vinganza, un asasinato, unha execución, unha historia real con trazas de traxedia grega), artellando ao seu redor, coma ríos afluentes, certo número de historias e pescudas tributarias en boa medida do mesmo (e digo do pretexto).

A imaxe dos ríos non é, emporiso, a máis axustada ao resultado final. Mellor unha cebola, coa súa sucesión de capas e máis capas arredor dese corazón (a historia, o sucedido, o episodio central) hidratado, con todo, pola patente capilaridade do conxunto. E velaquí que xorde a dúbida: a cebola medra de dentro cara a fóra ou...? Son as capas exteriores as que se superpoñen ás interiores? É ao revés?

Acontecen as dúas cousas dun xeito...?

Non sei. A risco de abusar da paciencia do lector, podería aventurarme a resumir algunha que outra teoría sobre o Tempo e a súa falta de linealidade e chegar a

dicir que o tempo é tridimensional e que ten forma de cebola.

De cebola: é unha bonita posibilidade.

E se insisto co da cebola, ademais de buscar unha imaxe para a estrutura deste libro (capas e capas arredor da historia central, acaso e finalmente menos importante do que pensaba nun principio, ou non, haberá que velo) é porque xa dende o comezo (que non é exactamente o comezo) a cebola xa está aí.

Só hai que pelala.

Ou ter paciencia e darlle un bocado á empanada (a nosa madalena de Combray particular) e seguir un desordenado paseo polas nosas sinapses cerebrais, que tal cousa é, disque, escribir, evocar, contar (contarse) unha historia.

2

FRASES COAS QUE ABRIR UNHA AUTOBIOGRAFÍA

O libro, digámolo, ía comezar cun capítulo titulado “Frases coas que abrir unha autobiografía”, o mesmo do encabezamento desta páxina, certo, só que precedido polo número 1) e non polo 2). E, a continuación do título, como primeira achega á lectura, a frase seguinte: “Ha chegar un día en que ninguén fale dos teus avós e todo o que se poida dicir deles dependerá de ti”. A frase —pénsoo agora, e estou certo de que tamén o facía cando bulín a anotala no caderno— posúe a forza suficiente como para merecer algo máis ca os segundos circulares dun pensamento. Poida que haxa que puíla, non digo que non (a súa sonoridade non remata de convencerme), pero nela xa late unha desas “verdades” que nos gusta descubrir cando lemos literatura. Xa non lembro cando se me ocorreu. De feito, é algo que me sucede co noventa por cento das frases que, aparecidas quen sabe de onde, teiman en cruzarse no noso camiño cando a novela que temos entre as mans

(sempre hai unha novela entre as mans) comeza a facerse demasiadas preguntas sobre si mesma. Nada. Nin o momento en que me veu á cabeza, nin onde e, moito menos, se naquel instante (no café, no parque, nos sempre cativos asentos do avión ou do autobús) albergaba a máis mínima sospeita de poder empregala nalgún sitio.

“Ha chegar un día en que ninguén fale dos teus avós e todo o que se poida dicir deles dependerá de ti.”